

# Localizados e identificados os petróglifos “Coto da Casa da Vella” e “Pedra do Outeiro da Mó” de Fentáns, debuxados por Ramón Sobrino Buhígas no *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*

Montserrat Bouzón Caamaño, Paulo Troitiño Iglesias, Mario Andrés Romo Collada, Antonio Martínez Verdeal & Josefa González Rodal

*Aos antiquísimos pobos que fixeron os nosos gravados rupestres, cuxa presenza e beleza segue a provocarnos “Mal da Pedra” ou “Síndrome de Stendhal”.*

Autor para correspondencia: laseptima2@gmx.es

Como citar este artigo: Bouzón Caamaño, M., Troitiño Iglesias, P., Romo Collada, M.A., Martínez Verdeal, A., González Rodal, J. (2023). Localizados e identificados os petróglifos “Coto da Casa da Vella” e “Pedra do Outeiro da Mó” de Fentáns, debuxados por Ramón Sobrino Buhígas no *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 81-86

## Resumo

Localízase casualmente o grupo de gravados rupestres utilizados polo Profesor Ramón Sobrino Buhígas para realizar a composición denominada “Coto da Casa da Vella” (Fentáns), descrita na Figura 54 (Lámina XXVI) do seu *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* de 1935, considerado como un petróglifo nunca atopado. Identifícanse os tres petróglifos cos gravados rupestres utilizados por Ramón Sobrino Buhígas para realizar a composición chamada “Pedra do Outeiro da Mó” (Fentáns), publicada na Figura 50 (Lámina XXIV) do citado Corpus, debuxo dun suposto petróglifo nunca atopado.

**Palabras clave:** Coto da Casa da Vella, Pedra do Outeiro da Mó, Pozo Espiño Carbón. Fentáns (Cerdedo-Cotobade), *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Ramón Sobrino Buhígas, Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza.

## Abstract

The group of rock engravings used by Professor Ramón Sobrino Buhígas to create the composition called “Coto da Casa da Vella” (Fentáns), described in Figure 54 (Plate XXVI) of his *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* from 1935, is located by chance, considered as a petroglyph never found. The three petroglyphs are identified with the cave engravings used by Ramón Sobrino Buhígas to create the composition called “Pedra do Outeiro da Mó” (Fentáns), published in Figure 50 (Plate XXIV) of the aforementioned Corpus, drawing of an alleged petroglyph never found.

**Keywords:** Coto da Casa da Vella, Pedra do Outeiro da Mó, Pozo Espiño Carbón. Fentáns (Cerdedo-Cotobade), *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Ramón Sobrino Buhígas, Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza.

## Introdución e antecedentes

O Profesor Ramón Sobrino Buhígas publicou en 1935 o “*Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*”, o primeiro gran estudo, en especial iconográfico mediante fotografía, da época inicial da investigación do novo fenómeno cultural dos Gravados Rupestres do Noroeste Ibérico (Sobrino Buhígas, 1935, 2000, 2020). Na Lámina XXVI inclúe a Figura 54 co título de “Coto da Casa da Vella (Fentáns). Composición”, na que o autor debuxa de forma sinxela, idealizada e un tanto esquemática, habitual na época, uns gravados de zoomorfos e deseños circulares (Fig.1) (Sobrino Buhígas, 1917-1935).

Así mesmo, na Lámina XXIV atópase a Figura 50 co título de “Pedra do Outeiro da Mó (Fentáns). Composición”, na que aparecen figuras circulares, varios pares de pegadas, zoomorfos e dous raros deseños de “catros círculos unidos” (Fig.2) (Sobrino Buhígas, 1917-1935).



Fig. 1. Coto da Casa da Vella. Composición. (Sobrino Buhígas 1917-1935)



Fig. 2. Pedra do Outeiro da Mó. Composición. (Sobrino Buhígas 1917-1935)

Estas dúas figuras do *Corpus*, probablemente a partir do falecemento do seu autor en 1946, foron asumidas polo colectivo de investigadores dos gravados rupestres como representacións de petróglifos de Fentáns nunca atopados, sendo, por conseguinte, dados por perdidos, destruídos, e mesmo imaxinados como deseños con fins didácticos (Aguar Ribeiro, 2020:171).

Despois de Sobrino Buhígas, o principal continuador da investigación dos petróglifos do noroeste foi o seu fillo o Dr. Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza, que proseguiu coa espectacular documentación fotográfica que xeraba o seu método de investigación ata o seu temperán falecemento en 1959. Pero non foi ata 2020, pasados 60 anos, cando se realizou a primeira publicación de parte do material gráfico das súas investigacións (Colectivo A Rula, 2020). Necesaria publicación, que na páx.78 da primeira edición mostra un debuxo do autor, datado en 1952 e anotado co topónimo Pozo Espiño Carbón, no que realiza un exhaustivo estudo analítico dos gravados de zoomorfos e círculos presentes en tres rocas de Fentáns (Fig 3). Tamén se reproduce na páx. 84 unha listaxe cos petróglifos de Fentáns, manuscrito de Sobrino Lorenzo-Ruza, no que cita o petróglifo “Coto da Casa da Vella” que localiza en Pozo Espiño Carbón, pero non aparece citado o de “Pedra do Outeiro da Mó”.

## Localización e Identificación.

1. “Coto da Casa da Vella” (Fig.54 do *Corpus*), “composición” explicada en base a varias circunstancias clave:

a) Atopar, de forma inesperada, gravados en catro rocas xuntas (Fig.4), nas coordenadas UTM29 (ETRS89), X: 539819, E: 4708431, nunha zona do lugar de Fentáns denominada Pozo Espiño Carbón (La Séptima 2, 2023). En dúas rochas altas hai senllos cuadrúpedes ben visibles, noutra rocha alta varias covañas, e nunha ampla superficie a nivel de chan vense, uns mellor ca outros, varios zoomorfos




Fig. 3. Pozo Espiño Carbón. Debuxo de Sobrino Lorenzo-Ruza de 1952. (Colectivo A Rula, 2020:78)

e figuras circulares, dúas delas con rechamantes sucos anchos e unidas por un eixo-apéndice recto.

b) Dispoñer de fotogrametrías 3D das catro rocas atopadas que confirman as figuras descritas antes (Fig.5), e mostran tenues detalles difíciles de captar a primeira ollada, por exemplo dous círculos incompletos unidos entre si e ás coviñas, xerando un deseño antropomórfico; tamén permiten apreciar as partes pouco visibles das combinacións circulares, observándose que os círculos teñen unha base ancha en baixorrelevo; así mesmo aprécianse indicios doutros zoomorfos entre os máis visibles da laxe a nivel.

c) Coñecer o debuxo de 1952 de Sobrino Lorenzo-Ruza cos gravados que sitúa en Pozo Espiño Carbón permitiu recoñecer sen ningunha dúbida que os zoomorfos e as figuras circulares de todas as rocas atopadas eran iguais en formas e medidas ás do debuxo (Fig.6).

d) Por último, saber que Sobrino Lorenzo-Ruza, na súa listaxe de petróglifos de Fentáns, situaba o petróglifo “Coto da Casa da Vella” de Sobrino Buhígas na zona de Pozo Espiño Carbón levounos a unha intensa comparación entre os gravados atopados, as súas fotogrametrías 3D, o debuxo de Pozo Espiño Carbón de Sobrino Lorenzo-Ruza e o debuxo de “Coto da Casa da Vella” de Sobrino Buhígas, ata que se produciu a inesperada conexión que nos mostrou unha clara similitude gráfica, permitíndonos afirmar que todos os datos mostran o mesmo conxunto de gravados: o petróglifo de Coto da Casa da Vella do *Corpus* de 1935 (Fig.7,8).

Desta maneira, constatamos que as “composicións” do Corpus do Profesor Sobrino Buhígas eran “compendios ou resumos” dos gravados máis rechamantes de varios petróglifos máis ou menos próximos.

2. “Pedra do Outeiro da Mó” (Fig.50 do Corpus). Unha vez que fomos coñecedores do método que Sobrino Buhígas seguía para realizar as “composicións” do Corpus, tamén resultaron explicadas pola combinación de gravados de tres rocas distintas de Fentáns:



Fig. 4. Grupo de gravados localizados na zona de Pozo Espiño Carbón.




Fig. 5. Fotogrametría dos gravados localizados en Pozo Espiño Carbón. (LaSéptima2).




Fig. 6. Similitude entre os gravados localizados e os debuxados por Sobrino Lorenzo-Ruza.





Fig. 7. Similitude entre os gravados debuxados por Sobrino Buhígas e por S. Lorenzo-Ruza

a) A sospeitosa similitude entre os raros deseños de “catro círculos unidos” que aparecen no debuxo “Pedra do Outeiro da Mó” do *Corpus* e algúns dos gravados dun petróglifo descrito recentemente (Quintas González, 2008), ao que nós chamamos provisionalmente Pedra das Ferraduras 4, por estar situado a 100 m ao leste da moi coñecida Laxe das Ferraduras de Fentáns (Fig.9).

b) A existencia de gravados de “pegadas” asociadas a círculos na fotogrametría 3D do petróglifo catalogado como Pedra das Ferraduras 2, que Sobrino Buhígas coñeceu e debuxou na Fig. 52.2 do *Corpus* co nome de “Preto da Pedra das Ferraduras”, situado a uns 40 m ao leste da citada Laxe das Ferraduras (Fig.10).

c) Quedaba por atopar o petróglifo coas figuras circulares que o Profesor Sobrino Buhígas encaixara no centro da “composición” de “Pedra do Outeiro da Mó”. E a pista veu por unha foto do autor do debuxo de “Pedra do Outeiro da Mó” no que se le a anotación “Outeiros de Fentáns” (Sobrino Buhígas, 1917-1935), que nos orientou a revisar todos os gravados e as fotogrametrías de Fentáns, non só os próximos aos petróglifos da zona das Pedras das Ferraduras, constatando que as tres figuras circulares debuxadas esquematicamente no centro da “composición” do *Corpus* coinciden coa fotogrametría das figuras gravadas na actualmente denominada “Pedra da Galla 3”, e que formaba parte do grupo denominado “Laxes da Balboa”, segundo a nomenclatura da relación dos petróglifos de Fentáns de Sobrino Lorenzo-Ruza citada anteriormente (Fig. 11).





Fig. 8. Similitude entre os gravados localizados e os debuxados por Sobrino Buhígas




Fig. 9. Fotogrametría da Pedra das Ferraduras 4 e debuxo da Pedra do Outeiro da Mó de Sobrino Buhígas



Fig. 11. Fotogrametría da Pedra da Galla 3 e debuxo de Pedra do Outeiro da Mó de Sobrino Buhígas (1)





Fig. 10. Fotogrametría da Pedra das Ferraduras 2 e debuxo da Pedra do Outeiro da Mó de Sobrino Buhígas




Fig. 12. Similitude entre os gravados reais e o debuxo INVERTIDO de Pedra do Outeiro da Mó de Sobrino Buhígas (1)

d) Finalmente, ao longo deste proceso decatámonos de que era necesario INVERTIR a imaxe da “composición” “Pedra do Outeiro da Mó” impresa na primeira edición do *Corpus Petroglyphorum*, de xeito que a orientación e representación dos gravados debuxados coincidisen cos dos gravados reais, porque o clixé de vidro orixinal foi reproducido ao revés no libro (Fig.12).

## Conclusiones.

1-Localízanse casualmente e identifícanse todos os gravados rupestres de Fentáns que se utilizaron para realizar as “composicións” “Coto da Casa da Vella” e “Pedra do Outeiro da Mó” publicadas no *Corpus* do Profesor Sobrino Buhígas

2-Compréndese o método utilizado para realizar as “composicións” do *Corpus*, como “compendios” ou “resumos” dos gravados máis rechamantes dun grupo de petróglifos máis ou menos próximos.

3-Demóstrase que o grupo de petróglifos de “Coto da Casa da Vella” e “Pedra das Ferraduras 4” xa eran coñecidas polos Sobrino, polo que a súa “perda” parece indicar unha certa discontinuidade na transmisión de coñecementos relacionados coa investigación da arte rupestre en Galicia despois da desaparición destes pioneiros.

4-Ponse de manifesto a importancia do acceso público sen restrición de uso a toda a información que se conserva nos Fondos Documentais da investigación primeira. Porque calquera topónimo, frase, debuxo ou fotografía pode axudar a rescatar e traer ao presente os petróglifos estudados desde o inicio da xa longa historia da Investigación dos Gravados Rupestres do Noroeste Ibérico. E porque a tan antiga documentación gráfica mediante fotografía, acumulada polos dous investigadores da familia Sobrino, constitúe, obxectivamente, o maior tesouro da primeira investigación arqueolóxica galega.

## Agradecementos.

A todas e cada unha das persoas relacionadas desde 2011 co La Séptima2, por tantas xornadas de entrañables camiñadas e visitas a petróglifos.

Ao IEM (Instituto de Estudos Miñoráns), polo seu exemplo como mestres e o seu apoio como amigos.

Ao Colectivo A Rula, polo seu xeneroso permiso para utilizar a reprodución da Figura 3 do seu citado libro.

## Referencias bibliográficas

- AGUIAR RIBEIRO, K. (2020). *Arqueologia da imaxe e arte rupestre: estudo dos originais fotográficos históricos de Ramón Sobrino Buhígas (1888-1946)*. Instituto Politécnico de Tomar (Portugal). (Consultada 16/11/2023). [https://www.academia.edu/45188166/Arqueologia\\_da\\_imaxe\\_e\\_arte\\_rupestre\\_estudo\\_dos\\_originais\\_fotogr%C3%A1ficos\\_hist%C3%B3ricos\\_de\\_Ram%C3%B3n\\_Sobrino\\_Buh%C3%ADgas\\_1888\\_1946\\_Tese\\_de\\_Mestrado\\_em\\_Arqueologia\\_Pr%C3%A9-Hist%C3%B3rica\\_e\\_Arte\\_Rupestre\\_Portugal](https://www.academia.edu/45188166/Arqueologia_da_imaxe_e_arte_rupestre_estudo_dos_originais_fotogr%C3%A1ficos_hist%C3%B3ricos_de_Ram%C3%B3n_Sobrino_Buh%C3%ADgas_1888_1946_Tese_de_Mestrado_em_Arqueologia_Pr%C3%A9-Hist%C3%B3rica_e_Arte_Rupestre_Portugal)
- COLECTIVO A RULA (2020). *Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza: Memoria e legado dos petróglifos*. Edición do Colectivo A Rula. (Consultado 16/11/2023) <https://colectivoarula.com/2021/07/14/ramon-sobrino-lorenzo-ruza-memoria-e-legado-dos-petroglifos-presentacion/>
- LA SÉPTIMA2. (2023). Poñer no buscador de wikiloc.com “coto da casa da vella La séptima2”. Consultado 16/11/2023. <https://www.wikiloc.com/hiking-trails/105-petroglifos-de-cotobade-ruta-6-fentans-outeiro-da-casa-da-vella-boca-das-canelas-4-a-b-chan-do-r-71032100>
- QUINTAS GONZÁLEZ, F., ESPEJO GUARDIOLA, T. (2008). O Monte das Ferraduras (Fentáns, Cotobade): Novos achádegos de arte rupestre. Descripción e interpretación. *Cuadernos de Estudios Gallegos* (T. LV), 121: 53-72. (consultada 14/11/2023). <https://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/view/38/38>
- SOBRINO BUHÍGAS, R. (1917-1935) “Coto da Casa da Vella” (San Xurxo de Sacos, San Xurxo). Museo de Pontevedra. Poñer no buscador de ATOPO da Deputación de Pontevedra (DEPO) “Coto da Casa da Vella”. Consultado 14/11/2023). <https://atopo.depo.gal/Record/arc.DEPO00201313647>
- SOBRINO BUHÍGAS, R. (1917-1935) “Pedra de Outeiro da Mó” (San Xurxo de Sacos, San Xurxo). Museo de Pontevedra. Consultado 16/11/2023. Poñer no buscador de ATOPO da Deputación de Pontevedra (DEPO) “Pedra de Outeiro da Mó”. <https://atopo.depo.gal/Record/arc.DEPO00201238549>
- SOBRINO BUHÍGAS, R. (1935). *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela.
- SOBRINO BUHÍGAS, R. (2000). *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Facsímile traducido. Edicións do Castro.
- SOBRINO BUHÍGAS, R. (2020). *Corpus dous petróglifos de Galicia*. 3ª edición. Edicións Morgante. Cangas do Morrazo.